


Novembro de 2015

Número 8

# Espazo FEE

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A REVISTA DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



**Prácticas en Empresas**

**A comercialización da investigación e a tecnoloxía**

**Países Ricos, Países Pobres**

**Resfarm: un proxecto Horizon 2020  
sobre granxas “renovables”**

**Programa *Stella* en México**

## Editorial

Somos unha facultade de Economía e Empresa. En principio, temos encomendadas tres funcións básicas: en primeiro lugar, a formación de profesionais coa máxima cualificación no campo da xestión empresarial e pública, así como da análise e interpretación económica do contorno para a formulación de solucións robustas que procuren o ben común. En segundo lugar, a creación de coñecemento, pensamento, reflexión e técnicas que promovan pasos cara a adiante na resolución dos problemas económicos que se lles presentan ás sociedades, empresas e administracións; e, terceiro, a relación cos axentes que integran o ecosistema en que se insire a nosa facultade a través do establecemento de contratos e convenios de colaboración para a realización de traballos onde se lles dean respostas a problemas reais complexos cunha forte dose do coñecemento punteiro que debería caracterizarnos como universitarios. É dicir, **estamos ante o triángulo docencia-investigación e desenvolvemento-transferencia de coñecemento.**

O persoal docente e investigador non deberíamos descoidar ningunha destas tres funcións porque parecen estar intimamente relacionadas ao se reforzaren entre si. Unha docencia á marxe da actualización dos seus contidos, de profundar no coñecemento e sen contacto co mundo real acaba sendo reducionista, obsoleta e incapaz de motivar a docentes e discentes. Unha investigación que non se traduza en pensamento útil

capaz de ser trasladado aos futuros profesionais por medio da docencia, ou aos axentes económicos por medio da transferencia dos seus resultados, adoita encarcerar os investigadores nunha torre de marfil que os acabará convertendo en individuos egoístas e, até un punto, illados dos problemas que ocupan e preocupan ao resto da sociedade. Finalmente, a dedicación aos traballos profesionais sen un referente claro na investigación ou no desenvolvemento do saber económico ou de xestión e sen capacidade para enriquecer a docencia convértese nunha caste de consultoría que compite de forma eticamente dubidosa coa profesión e mesmo cos nosos titulados.

Neste momento, en que as metodoloxías docentes que se aplican como consecuencia da aplicación da filosofía do espazo europeo de educación superior esixen unha dedicación do profesorado moito maior ca no pasado, é preciso facer un esforzo e non sucumbir á tentación de relegar –ou mesmo abandonar– a actividade investigadora e de difusión para centrar a actividade e o tempo exclusivamente na preparación de clases, probas, correccións etc. Por hixiene mental, cómpre dedicar tempo a reflexionar e a tentar ler, estudar, escribir e formular novas ideas no eido da economía e da xestión. Isto pode ser o alimento intelectual que permite ser mellores docentes e estar ao día nas cuestións relevantes que aparecen nos ámbitos académico e empresarial. Se non perseveramos

en “alimentarnos” deste xeito, temos o risco de caer nunha caste de anorexia intelectual que se levará por diante a nosa proxección académica nos tres ámbitos sinalados con anterioridade.


Por outra banda, parece oportuno facer un chamamento á procura da eficiencia na actividade docente e **valorar debidamente a relación entre os medios aplicados e os resultados que se están a conseguir.** No contexto do EEES, o/a docente ten que acompañar o estudante nun proceso de aprendizaxe en que este último debe ser o protagonista. Reflexionemos sobre o feito de se todas as facilidades que se están a dar na elaboración de materiais, resumos, presentacións, exercicios, casos etc. contribúen a que o alumnado sexa máis activo e autónomo do profesor ou se, pola contra, estamos a convertelos nuns suxeitos incapaces de accederen ás fontes orixinais e fortemente dependentes do traballo e do punto de vista do docente.

En definitiva, dediquemos un intre a cavilar en todas estas cuestións e en como estamos a desenvolver o noso traballo cotián como docentes e investigadores. Centremos a cuestión en salientar a necesidade de manter de maneira equilibrada a actividade nos tres ámbitos mencionados con anterioridade e evitemos rendernos á tentación de centrarnos exclusivamente na actividade docente porque no medio prazo estaremos asumindo un elevado risco de caer na mediocridade e na falta de motivación.

## .gal

Desde o mes de outubro todos os membros da comunidade universitaria xa poden configurar a súa conta de correo electrónico co dominio .gal, o que converte a Universidade da Coruña nunha das primeiras administracións galegas en adoptar tal medida. Quere isto dicir que xa podemos presumir de conta do tipo nome.apellido@udc.gal.

Desde xestor de correoweb Zimbra abonda con ir a Preferencias--> Contas e alí modificar os axustes de conta principal elixindo o dominio .gal. Para outros xestores ou sóftware de consulta de correo electrónico bóttalle un ollo á páxina web da Área de Sistemas da UDC ou chama ao Centro de Atención ao Usuario (extensión 2222).



E falando do xestor Zimbra lembra que desde hai uns meses xa tamén está dispoñible a súa versión en lingua galega. Para elixila, novamente hai que ir a Preferencias --> Xeral e alí despregar a listaxe de idiomas dispoñibles.

Dúas boas novas, pois, para celebrar!

*Servizo de Normalización  
Lingüística da UDC*



## Prácticas en empresas: Unha xanela aberta ao mercado de traballo

Das materias optativas nas nosas titulacións, a de Prácticas Externas é a de maior número de matriculados. A razón parece obvia, pois é a fórmula que máis achega aos nosos estudantes ao mundo laboral, no que terán que ofrecerse en non moito tempo.

Aqueles estudantes interesados nesta materia deberían coñecer as particularidades que presenta. Vexamos: en primeiro lugar, non se imparte na nosa facultade, senón que é unha tarefa externa para a que necesitamos a colaboración de empresas que demanden estudantes en prácticas. Na empresa ou institución de destino o/a alumno/a disporá dun titor profesional que o/a cualificará cualitativamente por medio de cinco ítems que van desde “excelente” a “deficiente”. Posteriormente, un titor académico cuantifica a avaliación do titor profesional, ponderándoa co expediente académico e outras valoracións como a asistencia a eventos previamente convocados e identificados como valorables para as prácticas.

Trátase dunha materia do segundo cuadrimestre, que para poder realizala **o estudante debe ter superados 180 créditos da súa titulación.**

As prácticas teñen unha duración de 300 horas para alumnos de ADE e Economía o que supón 18 créditos ECTS; e de 200 horas para Empresariais que equivalen a 12 créditos ECTS.

Á vista das características desta materia non resulta estraño o seu atractivo para unha maioría dos nosos estudantes, pero a xestión destas prácticas presenta serias dificultades.

O feito de que se trate dunha materia do segundo cuadrimestre implica que temos toda a nosa oferta concentrada nos últimos catro meses do curso, mentres que a demanda que fan as empresas é aproximadamente uniforme ao longo de todo o ano.

Atopámonos, por tanto, cun importante exceso de oferta entre os meses de febreiro e abril e con exceso de demanda o resto do ano.



Para tratar de resolver este problema estamos continuamente traballando na captación de novas empresas que conveñan connosco a realización das prácticas, pero o tecido empresarial é limitado e o incremento de número de empresas que acepten acoller estudantes en prácticas é lento. Se a isto lle sumamos o feito de que durante a maior parte do ano deixamos insatisfeita a demanda das empresas, algunhas coas que temos convenio deixan de acudir ás convocatorias das nosas prácticas.

Por iso, estamos a tratar de potenciar dúas convocatorias de prácticas

externas alternativas á do segundo cuadrimestre: unha no primeiro cuadrimestre que se abriu en setembro e á que se apuntaron moi

*estamos continuamente traballando na captación de novas empresas*

poucos alumnos, seguramente polas dificultades que este período ten para a realización das prácticas, debido ao calendario académico. A pesar deste escaso éxito entre o alumnado, pensamos manter esta convocatoria, pois nunha matrícula tan abundante debería haber unha porcentaxe de persoas interesadas que compense a súa apertura. Tentarémolo un ano máis.

Á súa vez, a convocatoria de verán abrímosla en xullo e vai dirixida a aqueles estudantes que, superados 180 créditos, estean dispostos a facer as prácticas no verán. A matrícula fariase a posteriori e liberarían o segundo cuadrimestre desta materia. Por tanto, nesta convocatoria é posible a realización das prácticas sen estar matriculado no último curso do grao.

En definitiva, faremos todo canto sexa posible co obxectivo de non vermonos obrigados a limitar a matrícula nunha materia que, como di o título deste artigo, supón unha xanela aberta ao mercado de traballo.

*José Manuel Barreiro Viñán  
PDI Facultade de Economía  
e Empresa*

## A comercialización da investigación e a tecnoloxía: A casa do IC<sup>2</sup> institute da University of Texas at Austin



Como parte da miña etapa predoutoral, a finais de 2014, tiven a oportunidade de facer unha estadia de tres meses no IC<sup>2</sup>, Institute da University of Texas at Austin, centro de excelencia e recoñecido prestixio na valorización e comercialización da I+D universitaria a nivel mundial. Froito da colaboración do Posgrado en Xestión Empresarial da Innovación da UDC co mencionado instituto, no mes de xuño do 2015 organizouse un ciclo de conferencias impartidas polo doutor Juan Sanchez, vicerreitor de Investigación da UT.

Este instituto naceu en 1977 seguindo o lema "think and do" do seu fundador, George Kozmetsky, coa idea de facer da innovación tecnolóxica o catalizador para o desenvolvemento económico de Texas, mediante unha estreita e activa colaboración entre a universidade, o sector empresarial e os organismos públicos. Oriéntase, sobre todo, cara

á posta en valor da actividade produtiva e empresarial, sendo un magnífico exemplo da capacidade da cooperación universidade-empresa.

O IC<sup>2</sup> Institute xogou un papel importante na forte expansión económica da cidade de Austin que pasou dunha economía baseada tradicionalmente no petróleo e o gando a converterse hoxe en día nun dos maiores focos tecnolóxicos, de coñecemento e empresariais dos EEUU, o que fixo que se estableceran alí as maiores empresas mundiais de tecnoloxía (Google, Facebook, Samsung...), en gran parte grazas ao apoio gubernamental mediante políticas de atracción empresarial.

O IC<sup>2</sup>, a través do seu centro de Texas e dos 30 países onde está, ten varios programas importantes no eido do coñecemento, entre os cales salienta:

\* *Austin Technology Incubator*: asesora, orienta e apoia mediante programas de mentores e investigadores ás empresas asociadas.

\* *Global Commercialization Group*: crea capacitación para lanzar e comercializar a tecnoloxía mediante programas de desenvolvemento empresarial internacional.

\* *Bureau of Business Research*: proporciona informes independentes, datos e tendencias económicas ás empresas e aos responsables políticos de Texas.

*Paulino Montes-Solla*

*PhD e investigador asociado do Grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento da UDC*

## Volvamos xa ao horario de Greenwich (GMT)!

Hai unhas semanas tivemos un ano máis que cambiar os nosos reloxos para os adaptar ao chamado horario de inverno. A causa desta medida está no suposto aforro enerxético que se deriva dun mellor aproveitamento da luz solar nas actividades humanas en cada un dos momentos en que, para estes efectos, se divide o ano (inverno e verán). En todo caso, o cambio de hora provoca incomodidades ou alteracións temporais da vida das persoas, que en moitas ocasións se fan preguntas sobre a pertinencia e eficacia desta disposición.

Con independencia do cambio que adoitamos facer dúas veces ao ano, coido que o problema de fondo radica en que **España en xeral, e Galicia en particular, están nun fuso horario que non lles corresponde.** Este desfase naceu como consecuencia dunha decisión arbitraria que ao pouco tempo de

rematar a Guerra Civil española tomou o Goberno español para adaptar o noso horario oficial ao das potencias do eixe xermano-italiano. Por tal motivo, temos unha situación esperpéntica que fai que Fisterra, o punto máis occidental de Europa, comparta hora oficial con Varsovia ou con Belgrado, por exemplo, e teña unha hora máis que Lisboa, Dublín ou Londres.

En consecuencia, a realidade indícanos que Galicia é un dos territorios con maior desfase temporal entre a hora oficial e o tempo de luz, por estar situada xeograficamente no GMT-1 e ter como hora oficial a do GMT+1. Isto lévanos a non poder dispor de luz natural até ben entrada a mañá e ter luz solar até tarde nos seráns de inverno. Os expertos sinalan que cómpre mudar decontado esta situación e situar toda a España no horario GMT para solucionar esta anomalía que vai contra

toda lóxica. Isto tería un efecto moi beneficioso sobre o aforro económico e a calidade de vida das persoas, que redundaría nunha maior racionalidade dos horarios actuais e un incremento substancial da produtividade. Alén disto, conseguiríase a unificación horaria de toda a península Ibérica e da maior parte da Europa occidental e atlántica (Irlanda, Reino Unido e Islandia).


Non chego a entender por que non se dá este paso tan simple, tan evidente, tan pouco custoso e tan beneficioso. Ignoro a razón que impide seguir as recomendacións dos expertos da Comisión Nacional para a Racionalización de Horarios. Tampouco vexo causas políticas que impidan dar este paso... Ou talvez é posible que se enfade alguén en Berlín?

*Anxo Calvo  
Profesor*

*Cómpre mudar decontado  
esta situación e situar  
toda a España  
no horario GMT*



## Unha lectura para despexar dúbidas



Fonte: Eurostat; consulta: 16/10/2015

Neste artigo preténdese explicar a importancia das fórmulas ou métodos de cálculo nas contas nacionais e a información pública dos nosos representantes políticos que empregan para a obtención de votos.

O INE<sup>1</sup> explica a variación no cálculo do PIB que deberá ser axustado acorde a criterios internacionais:

- Será incluído no cálculo do PIB o valor estimado da prostitución e drogas, un 1% do PIB anual.

- A contabilización, harmonización, do I+D ou do gasto en armamento

como activos fixos suporá outro 1,2 e 0,5% do PIB anual respectivamente.

Ghesta publica un informe<sup>2</sup> en que afirma que a economía somerxida no país alcanza cifras do 8% do PIB anual.

Este ano, os nosos representantes políticos presentaron os orzamentos para 2016 e a Comisión Europea pretende obter unha aclaración debido ao "informe Moscovi", advertindo que España incumprirá o déficit con vista nos datos presentados en controversia coas estimacións da Comisión.

Estamos presentando números que varían de 20 000 a 80 000 millóns de €, o que pode ser estimado polo goberno para influir nos datos económicos que fan públicos. Os déficits ou gastos extraordinarios non foron aprobados nos orzamentos, pero si que fan disposición deles cando están o mando das contas nacionais.

*Javier Cordal Lagares*

### 1 Contabilidade nacional de España, nova base 2010:

<https://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&ved=0CB0QFjAAAhUKewj3vKmhoeFlAhULVhoKHe9zBmw&url=http%3A%2F%2Fwww.ine.es%2Fprensa%2Fnp862.pdf&usg=AFQjCNHjQMyGbfR6gZbwAccegVEIRbgYIcA&bvm=bv.106130839,d.d2s&cad=rja>

### 2 Informe de Ghesta sobre a economía somerxida:

[https://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=2&ved=0CCoQFjABAhUKewioxp3q1cblAhWGPPhQKHcWvCjU&url=http%3A%2F%2Fwww.gesta.es%2Farchivos%2Factualidad%2F2014%2F2014-01-29\\_InformePrensa\\_EconomiaSumergida.pdf&usg=AFQjCNF--ZjZuaYUxo95phW7wXcZ6X1zZg&sig2=jOjKUuGjW-H5oiFy4HRmJa](https://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=2&ved=0CCoQFjABAhUKewioxp3q1cblAhWGPPhQKHcWvCjU&url=http%3A%2F%2Fwww.gesta.es%2Farchivos%2Factualidad%2F2014%2F2014-01-29_InformePrensa_EconomiaSumergida.pdf&usg=AFQjCNF--ZjZuaYUxo95phW7wXcZ6X1zZg&sig2=jOjKUuGjW-H5oiFy4HRmJa)

## Programa *Stella* en México

O pasado mes de outubro estiven visitando a *Universidad de Guadalajara* (México), baixo o marco do programa *Stella* para o persoal administrativo universitario. O obxecto da viaxe era coñecer os procesos administrativos desta universidade, tomar contacto coa cultura e a tradición do país de destino, e como esta afecta ao traballo diario dos meus colegas.

A *Universidad de Guadalajara* ten a súa sede principal na cidade da que toma o seu nome, mais posúe nove centros rexionais, dos cales eu visitei o CULagos, en Lagos de Moreno e San Juan de los Lagos, así como os situados en Guadalajara.

A *Universidad de Guadalajara* é a segunda universidade pública con maior número de estudantes de todo México superando os 200.000 estudantes.

O sistema universitario mexicano dista moito do que posuímos en España, desde a educación secun-



daria, que está inserida dentro da universidade, baixo a denominación de escolas preparatorias (PREPAS):

isto favorece un maior control do acceso dos estudantes á súa etapa universitaria, e axuda a suavizar o impacto que supón para un



estudiante o cambio da educación secundaria aos estudos universitarios.

Tocante aos estudos xa universitarios, sorprendeume a liberdade coa que os estudantes poden desenvolver o seu currículo: poden elixir materias de cursos distintos sen que existan practicamente prerequisites, o cal bate de fronte coa rixidez dos nosos plans de estudos, que obrigan aos

nosos estudantes a levaren unha orde estrita respecto ás materias que cursan. Tamén, e con relación a

isto, puiden observar a cara escura desta forma de actuar, que se materializa nas dificultades enormes que este sistema provoca

sobre o traballo administrativo e de coordinación das titulacións.

Onde si que observei un claro punto a favor en comparación coa Universidade da Coruña, é no tratamento e na importancia que a *Universidad de Guadalajara* lle dá ao deporte. Un atractivo modelo de incentivos á práctica deportiva unido a unhas excelentes instalacións, fan desta universidade unha potencia en materia deportiva dentro do estado de Jalisco, e en México en xeral.

*Roberto Rodríguez Martínez*  
PAS Facultade de Economía  
e Empresa



## No centenario do nacemento de **Xaime Isla Couto**

Espazo FEE quere render unha sinxela homenaxe a Xaime Isla Couto (1915-2012) no centenario do seu nacemento. Este “bo e xeneroso” foi mestre de pensadores, economistas e empresarios vinculados ao galeguismo histórico. Coidamos que todos os que desenvolvemos a nosa actividade profesional no mundo da economía e a empresa en Galicia temos unha débeda de gratitude con este singular ser humano.

Deseguido reproducimos a biografía súa que figura na web da Fundación Isla Couto.

*“Nado en Santiago o 23 de outubro do 1915, residiu en Vigo dende o 1923, residencia que alternou coa localidade de Raxó (Poio), na ría de Pontevedra. No ano 1947 casou con Cristina Novoa Pedreira.*

*Xa desde neno foi decisivo para el o maxisterio do seu irmán Ramiro, emigrado con 15 anos á Arxentina e pioneiro do galeguismo nese país. Nos primeiros anos de Bacharelato organizou unha Asociación Escolar de Iniciación Cultural que enviou a súa adhesión á Asemblea das Irmandades da Fala, celebrada na Coruña en abril de 1930 e á homenaxe a Otero Pedrayo en Ourense de xuño dese mesmo ano.*

*O 14 de abril de 1931 proclamou a República no Instituto de Vigo, varias horas antes de producirse este feito en Madrid. Con anterioridade participou na creación do Grupo Autonomista Galego de Vigo, unha das organizacións políticas promotoras do Partido Galeguista e patrocinadora da candidatura triunfante de Castelao ás Cortes Constituíntes. Foi fundador da Mocidade Galeguista de Vigo (1932), da Federación de Mocidades Galeguistas (1934) e da Unión Galega de Estudantes (1936). Ao tempo, organizou os agrupamentos Ultraia en Vigo e foi alumno bolseiro do Seminario de Estudos Galegos nas campañas de investigación de 1935 no Deza e de xullo de 1936 en Fisterra.*

*Durante a Guerra Civil acompañou moitos seráns aos mártires do bou Eva, entre eles aos curmáns de Castelao, Pepe e Manolo, acochados nun piso baleiro do seu irmán Ramiro en Vigo. Tras unha tentativa fallida de fuxida a Portugal que rematou coa detención e encarceramento do seu irmán Ramiro en Verín, estivo acochado na escola da súa irmá Blanca en O Casal (O Porriño). Tralo chamamento a filas, incorporouse ao Exército Nacional como brigada de complemento no 11º Rexemento Lixeiro de Artillería de Pontevedra, participando nas campañas de Teruel e Madrid canda o final da Guerra Civil.*

*Tras Guerra Civil tivo a responsabilidade da secretario técnica do Partido Galeguista na clandestinidade dese o ano 1943. Impulsou e ideou a fundación da Editorial Galaxia no ano 1950, empresa da que foi conselleiro-delegado desde a súa creación e posteriormente presidente e presidente de honra. Dentro do seu carácter proxeccionista e emprendedor debemos incluír a creación da editora SEPT no 1965 e do primeiro Partido Popular Galego (1976) que concorreu ás eleccións xerais do 1977. Dentro da súa militancia cristiá foi presidente da Comunidade de Vida Cristiá Nosa Señora da Guía-Santiago Apóstolo que fundara o Padre Seixas, así como tamén da Comisión Diocesana de Xustiza e Paz de Tui-Vigo.*

*Fixo estudos de Maxisterio entre 1933 e 1936 polo Plan profesional da República, mais foi depurado polo súa afiliación galeguista. Simultaneamente estes estudos cos de Dereito, que remata no 1940. Nos anos 60 realiza estudos de Económicas e nos anos 90 de Teoloxía.*

*Profesionalmente, Xaime Isla combinou a docencia universitaria co exercicio da avogacía. Foi Catedrático de Dereito e Economía da Empresa na Escola de Peritos Industriais de Vigo, profesor no Colexio Universitario de Vigo e na Universidade de Santiago. Ademais, traballou como letrado*

*asesor de Caixavigo, do grupo Zeltia, Corporación Noroeste e outras empresas e gremios económicos, como o conserveiro e madeireiro.*

*Fundador e director da Revista de Economía de Galicia (1958-1968), dirixiu tamén a Revista Galega de Estudos Agrarios (1979). Como resultado deste intenso compromiso persoal foi recoñecido co Memorial Xoán XXIII (1986), coa Medalla Castelao (1987), o Premio Trasalba (1992) e a insignia de ouro da Universidade de Santiago de Compostela (2001). No ano 1999 leu o seu discurso de ingreso como académico numerario da Real Academia Galega. Nese mesmo ano foi nomeado doutor honoris causa pola Universidade de Vigo e acadou outros nomeamentos honoríficos: presidente honorario da Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN); socio de honra do Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra e do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais e presidente da Fundación Fernández Flórez. No ano 1992 celebrouse no Concello de Poio a primeira edición do concurso literario Xaime Illa Couto de poesía e relato curto co gallo do Día das Letras Galegas e en agosto de 2010 foi inaugurado en Raxó (Poio) o centro cultural Xaime Illa Couto.*

*Nun escrito persoal de Xaime Isla, este salienta entre as súas afeccións a paixón pola lectura, a conversa, o debuxo –especialmente o retrato e a caricatura–, e a música. Cando novo practicou con entusiasmo o teatro, as camiñadas coa agrupación Ultraia, o fútbol e o tenis. Neste amor polo deporte podemos engadir o seu labor como introdutor do baloncesto en Vigo nos anos 30.*

Fonte: Fundación Isla Couto (<http://fundacionislacouto.org>)”

Anxo Calvo  
PDI Facultade de Economía e Empresa



## Kandinsky. Unha retrospectiva

### Centro Cibeles - Madrid

20/10/2015 - 28/2/2016

Ata o 28 de febreiro de 2016 pódese visitar no Centro Cibeles, en Madrid, a *exposición monográfica Kandinsky. Unha retrospectiva*.



A visita a esta exposición supón unha oportunidade única para contemplar a obra Wassily Kandinsky (1866–1944), pintor ruso, pioneiro da arte abstracta e un dos pintores vangardistas máis importantes, así como para coñecer a súa traxectoria, tanto desde o punto de vista artístico como espiritual. Wassily Kandinsky nace en Rusia en 1866 nunha familia acomodada, estuda Dereito e no ano 1895 decide abandonalo todo para

dedicarse á pintura e marcha a Múnic. Coñece a Gabrielle Münter, artista xermano-americana, coa que viaxa por Europa e norte de África; nesta época Kandinsky pinta a miúdo paisaxes e escenas da cultura popular nun estilo impresionista que cada vez tende máis á abstracción e onde as cores gañan autonomía. En 1914 volve a Rusia escapando da guerra e permanece alí ata 1921. É unha época precaria desde o punto de vista financeiro, artístico e político. Nesta etapa pinta a miúdo sobre papel. Aproveitando unha viaxe oficial, instálase coa súa dona, Nina, en Alemaña onde accede a un posto de profesor na Bauhaus. En 1933 instálase en París, en Neuilly-sur-Seine, onde leva unha vida retirada e dedicada á investigación artística.

A mostra percorre os períodos clave da vida de Kandinsky, que se desenvolve ao longo de tres países: Alemaña, Rusia e Francia, e amosa cerca de cen obras que chegan a Madrid, procedentes da colección do Centre Pompidou (Museo Nacional de Arte Moderna de París), doada por Nina Kandinsky, a viúva

do pintor, en 1976; tamén hai obras da colección privada do artista. Isto fai da mostra “algo moi especial”, segundo asegura Angela Lampe, comisaria de arte moderna Centre Pompidou. Amósanse ordenadas cronoloxicamente en catro seccións que se corresponden coas etapas do pintor:

Múnic, 1896–1914.

Rusia, 1914–21.

Bauhaus, 1921–33.

París, 1933–44.

[http://www.centrocentro.org/centro/exposicion\\_ficha/146](http://www.centrocentro.org/centro/exposicion_ficha/146)

María J. Prol  
PAS Facultade de Economía e  
Empresa



Trente, 1937

## CURRICULARES

Son aquelas que forman parte do plan de estudos e corresponden a unha materia optativa



Ter superado o 75% dos créditos da titulación

Estar matriculado/a na materia "Prácticas en Empresas"



ADE e GEEO: 300 horas  
(materia de 18 créditos ECTS)

GEMP: 200 horas  
(materia de 12 créditos ECTS)



Hai dúas convocatorias por curso académico: ordinaria (xuño) e extraordinaria (xullo)

Na cualificación teranse en conta o informe, a memoria e o expediente académico

## EXTRACURRICULARES

Realízanse con carácter voluntario durante o período de formación pero non forman parte do correspondente plan de estudos



Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao incluídos, como mínimo, todos os créditos de formación básica

Estar oficialmente matriculado/a na titulación a que se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que se adquiriran na súa realización



Máximo 500 horas



Non teñen cualificación por non formar parte do plan de estudos, pero poderán ser recollidas no SET segundo a normativa vixente

## NORMATIVA REGULADORA

- Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios
- Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC (Aprobado en Consello de Goberno de data 23 de abril de 2013 e modificado polo acordo do Consello de Goberno do 27 de febreiro do 2015)
- Regulamento de prácticas académicas externas en empresas dos estudantes da FEE
- Sinatura do correspondente **convenio** entre a UDC e a entidade onde se realizarán as prácticas
- **Proxecto formativo** no que se indicarán, entre outras cousas:
  - Titor profesional
  - Coñecementos previos
  - Tarefas que es van realizar
  - Período
  - Horario

# Preguntas frecuentes na administración

## Prácticas académicas externas nos graos

### Que son as prácticas académicas externas?

Son unha ferramenta formativa que lle brinda ao estudantado a oportunidade de aplicar os coñecementos teóricos adquiridos na súa titulación, favorecen a adquisición de competencias que o preparan para o exercicio de actividades profesionais, facilitan a súa inserción laboral e fomentan o emprendemento. Esta actividade é supervisada por un/unha titor/a da entidade onde se desenvolven as prácticas e mais polo titor académico da Facultade de Economía e Empresa.

### Onde se realizan?

As prácticas poderanse realizar en empresas, institucións e entidades públicas e privadas que teñan subscrito un convenio de cooperación educativa que sirva de marco regulador das relacións entre o estudantado da Facultade de Economía e Empresa, a entidade colaboradora e a Universidade da Coruña.

*Serven para aplicar os coñecementos adquiridos, favorecen a adquisición de competencias, facilitan a súa inserción laboral e fomentan o emprendemento.*

### Quen as titoriza?

O/a titor/a da entidade colaboradora establecerá un proxecto formati-

vo para cada estudante, onde se especificarán, entre outras, as tarefas que se van realizar, os coñecementos prácticos que adquirirá e que deberán estar relacionados de forma directa cos estudos que curse, o período das prácticas e o horario.

### Cantas modalidades de prácticas existen?

Hai dúas modalidades de prácticas académicas externas: curriculares e extracurriculares.

#### Curriculares

Son aquelas prácticas que forman parte do plan de estudos e corresponden a unha materia optativa. Para poder realizalas é necesario ter superado o 75% dos créditos da titulación (180 créditos) e estar matriculado/a na materia "Prácticas en Empresa".

A duración destas prácticas será de 300 horas para o grao de ADE e o grao de Economía; para o grao en Ciencias Empresariais é de 200 horas.

Aínda que se trata dunha materia do segundo cuatrimestre, as prácticas pódense realizar no primeiro. Ao inicio de cada cuatrimestre a facultade abre unha convocatoria de oferta de prácticas curriculares para o alumnado que cumpra cos requisitos anteriormente citados. É necesario enviar copia do expediente e o CV ao correo [practicas.fee@udc.gal](mailto:practicas.fee@udc.gal)

Na avaliación das prácticas terase en conta o informe do titor profesional, a memoria das prácticas do/a estudante e o seu expediente.

#### Extracurriculares

Son aquelas que o alumnado poderá realizar con carácter voluntario durante o seu período de formación e que, aínda compartindo o mesmo obxectivo que as curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos. Para poder realizalas cómpre ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos da formación básica.

As prácticas extracurriculares non son obxecto de avaliación, non obstante poderán ser recollidas no Suplemento Europeo ao Título (SET), segundo a normativa vixente.

A duración non poderá superar as 500 horas e estenderanse no tempo entre 1 e 5 meses.

### Que horario teñen?

O horario das prácticas, curriculares ou extracurriculares, debe ser compatible coa carga horaria do alumnado, pero non poden superar as 8 horas diarias, nin as 40 horas semanais.

Administración  
Facultade de Economía e Empresa

## Xestores bibliográficos: como elixir a mellor opción

Os xestores de referencias son ferramentas esenciais para estudantes e investigadores, pois serven para recompilar, almacenar, xestionar e difundir a información documental utilizada nos traballos académicos ou de investigación, así como para asistir as tarefas de citación e elaboración da bibliografía.

Actualmente existen xestores de alta calidade, chamados de *nova xeración*, con diversas prestacións de xeito que, ás veces, o difícil é elixir entre tantas opcións. Cando decidimos comezar a utilizar un xestor o habitual é que teñamos dúbidas, pero incluso cando xa o estamos usando un, preguntámonos se haberá outro con máis prestacións, maior capacidade etc.

Para axudar nesta tarefa faremos unha breve exposición dos xestores máis utilizados hoxe en día no contorno académico.

Ata hai pouco tempo o xestor máis coñecido e con máis presenza nas universidades españolas era **Refworks** e así, de feito, aínda son moitas (entre elas a nosa) as que teñen a subscrición a este xestor vixente. Foi moi innovador no seu momento, por ser o primeiro en traballar no contorno web. Refworks segue a ser un programa moi sólido a nivel bibliográfico e moi eficiente nas funcionalidades básicas dun xestor, pero actualmente moitos investigadores prefiren outras ferramentas máis adaptadas á web social e ao traballo colaborativo,

como por exemplo Mendeley.

**Mendeley** é moito máis que un xestor de referencias bibliográficas. Supera as funcionalidades básicas dun xestor, permitindo traballar directamente cos documentos (editar e xestionar os PDF), o que sen dúbida é importante. Non obstante, o que o fixo tan popular foi a creación dunha nova forma de investigar promovendo o traballo colaborativo, proporcionando a visibilidade da investigación e



potenciando os contactos entre investigadores, pois funciona como web social. Permite acceder aos rexistros bibliográficos que incorporan os máis de 4 millóns de investigadores que o usan, o que fai que se considere a maior base de datos do mundo con máis de 120 millóns de rexistros. Os usuarios poden crearse un perfil, subir as súas publicacións e ter estatísticas de uso da súa produción científica, así como crear grupos de traballo. Ten unha versión libre, pero para acceder a todas as súas prestacións é necesario a subscrición.

Outra opción importante que cómpre ter en conta é a que nos ofrece un xestor excepcional, **Zotero**. Este é un xestor multiplataforma de software libre con licenza

aberta, o que garante o seu completo uso e posibilidade de mellora por calquera persoa. O seu funcionamento é sinxelo e compatible con moitas fontes de datos, incluso non científicas, como pode ser Amazon ou YouTube. Esta é a súa principal fortaleza. Tamén ten unha área compartida con todas as posibilidades das redes sociais, que inclúe a creación de grupos.

Por último, **EndNote** destaca pola súa estrutura formal, moi clara mediante pestanas ou lapelas. O propietario e a poderosa empresa de información Thomson-Reuters, o cal facilita a importación desde a Web of Science. A versión web é gratuita, pero permite un número de referencias limitado.

Cómpre sinalar que non temos por que usar un único xestor, senón que estas ferramentas teñen versións gratuítas e permiten a exportación e importación de datos entre elas de xeito bastante sinxelo. Podemos ter conta aberta en varios xestores e usar aquel que mellor se axuste ás nosas necesidades, segundo o traballo que esteamos a realizar.

Esperamos que a partir de agora, a elección do xestor bibliográfico sexa unha tarefa máis doada. En todo caso, desde a biblioteca sempre poderemos axudarche.

Biblioteca da Facultade de  
Economía e Empresa  
Universidade da Coruña

## Resfarm: un proxecto Horizon 2020 sobre granxas “renovables”

O proxecto que ten por acrónimo Resfarm e leva por título “Developing and implementing financial instruments for the mobilisation for investments in renewable energy in the agrarian sector” pertence á convocatoria Horizon 2020 topic EE-19 do ano 2014 e estase a desenvolver na Facultade de Economía e Empresa.

A dotación orzamentaria total ascende a case 1.700.000 euros e a súa duración é de 27 meses. A Universidade da Coruña é a súa entidade científica referente (cun equipo de seis persoas, das que dúas están contratadas a tempo completo con dedicación exclusiva) no marco dun consorcio formado por socios de España (principais sindicatos agrarios, exercendo como coordinador Uniones Agrarias, Ela Ingeniería e o Banco Sabadell), Italia e Grecia (principal sindicato agrario dos dous países), Holanda (Biomass Research, unha spin off da Universidade de Vilderbumger), e como socio asesor externo, a Axencia Nacional de Enerxía Renovable de Estados Unidos de América.

Resfarm centra a atención no interese que pode ter **desenvolver actuacións de tipo renovable no ámbito rural**, para permitir obter unha renda adicional a partir dunha actividade complementaria e que, por outra banda, tamén posibilita dispor de enerxía eléctrica renovable e máis barata.

O obxectivo de Resfarm é dobre: analizar a posibilidade de desenvol-

ver novos instrumentos financeiros que permitan fixar investimentos en proxectos renovables en granxas, contribuíndo a incrementar a renda agraria; e asemade propoñer os instrumentos financeiros máis viables, en relación coa tecnoloxía renovable máis factible por zonas xeográficas.



Para acadar este duplo obxectivo resulta imprescindible desenvolver unha serie de fases consecutivas e relacionadas, entre as que salienta:

- **coñecer o marco normativo, ambiental e de desenvolvemento integral** das enerxías renovables nos países membros e sempre en relación coas normas establecidas desde a Unión Europea.

- **recompilar e analizar a información de campo**, para coñecer a realidade das granxas en que se poderían localizar estas instalacións e a súa potencialidade xeral, e

tamén de expertos vinculados ás diferentes temáticas abordadas en Resfarm. Cómpre destacar o bo resultado obtido das múltiples entrevistas realizadas a persoas expertas, pois achegaron unha valiosa visión da problemática exposta e permitíronnos definir a enquisa que se está a realizar nestes momentos.

Na secuencia de fases que hai que realizar, a perfecta coordinación e sincronización resulta fundamental para o éxito da investigación contando a complexidade engadida de desenvolver simultaneamente actuacións en diferentes países, con idiosincrasias dispares, mais tamén a complexidade administrativa deste tipo de proxectos resulta notoria, ao requiriren unha actuación áxil tanto por parte das vicerreitorías implicadas como da OTRI, seguindo polo decanato e o servizo de Asuntos Económicos da facultade.

En definitiva, a combinación de esforzo, ilusión, superación, humildade e traballo diario arreo vai a ser a clave para acadar a meta á que nos comprometemos... sen deixar de pensar xa noutras novas.

*Rosa M.ª Regueiro Ferreira  
PDI e investigadora principal do proxecto Resfarm*

Que leccións podemos sacar de todo isto para a análise do que acontece hoxe? Pode extrapolarse esta análise ao estudo do crecemento das empresas?

No que atinxe á primeira cuestión, coidamos que a situación de crise da economía española se explica pola crecente debilidade das institucións, debido á excesiva concentración de poder nas organizacións políticas que o teñen disputado, así como á falta de coopera-

ción entre as administracións central e autonómica, coa conseguinte perda de solidez institucional para ambas. Con todo, o reforzamento do Estado non debe ser a conta de retornar a un sistema político e económico máis extractivos, senón xusto ao contrario.

O que vale para os países pódese usar tamén para vulgar a sostibilidade do crecemento das empresas. Nestas, o sistema político tería que ver co seu goberno corporativo, no

que a inclusividade se asimila a factores tales como a transparencia e a proporcionalidade na súa remuneración, ou á política de nomeamentos. A dimensión do sistema económico inclusivo tería que ver coa competitividade no mercado, baseada no coñecemento, a flexibilidade ou a capacidade de innovación.

*Fernando Ruiz Lamas  
Profesor do Departamento de  
Economía Financeira e Contabilidade*

## ITSSOIN - Impact of the Third Sector as Social Innovation ([www.itssoin.eu](http://www.itssoin.eu))

ITSSOIN é un proxecto de investigación financiado polo 7.º Programa Marco da Unión Europea que ten por obxectivo comprender mellor como as organizacións do terceiro sector e a participación cívica xeran impactos de innovación social.

ITSSOIN implica a un consorcio liderado polo Centro para o Investimento Social (CSI) da Universidade de Heidelberg e composto por once universidades e centros de investigación en nove países europeos. Ademais de Alemaña, Dinamarca -Copenhagen Business School-, España -Universidade da Coruña e Universidade de Oviedo-, Francia -ESSEC Business School-, Holanda -Vrije University Amsterdam e The Netherlands Institute for Social Research-, Reino Unido -The London School of Economics and Political Science-, República Checa -Masarykova Univerzita- e Suecia -Stockholm School of Economics-. Iniciouse en marzo de 2014 e rematará en febreiro de 2017.

O proxecto analizará nos nove países europeos as seguintes áreas de innovación social: arte e cultura, servizos sociais, saúde, sustentabilidade ambiental, protección do consumidor financeiro, emprego e inclusión social, e desenvolvemento comunitario. Concretamente en España realizaranse estudos de casos de innovación social en catro áreas: emprego e inclusión social, servizos sociais, arte e cultura, e protección do consumidor financeiro.

Marta Rey García, profesora contratada doutora da UDC, coordina tanto a área de servizos sociais para

todos os países implicados no proxecto, como a realización dos estudos de caso en España para as mencionadas catro áreas de innovación social, a cargo dun equipo da propia UDC e de investigadores da Universidade de Oviedo. Outras colaboradoras do ITSSOIN na UDC son as profesoras contratadas doutoras Begoña Álvarez García e Nuria Calvo Babío, así como as doutorandas Ana Felgueiras, Noelia Salido Andrés e Vanessa Mato Santiso, investigadoras contratadas dentro do proxecto.

*Marta Rey  
Coordinadora*



## Países Ricos, Países Pobres

*Why nations fail* é o título dun libro escrito por Daron Acemoglu e James A. Robinson que defende a idea de que a diferenza entre nacións ricas e prosperas se basea principalmente nas características das súas institucións políticas e na súa interacción co seu sistema económico. A obra cita numerosos exemplos ao longo da historia de pobos e nacións cos mesmos condicionantes culturais presentes e pretéritos, xeográficos e climáticos, ou de dispoñibilidade de recursos naturais, que, con todo, acadan graos de crecemento económico moi dispares.

O exemplo mais recente pode ser o de Corea, un territorio cunha grande homoxeneidade antes da guerra (inconclusa) que marca, tras o seu armisticio de 1953, a separación entre Corea do Norte e Corea do Sur. É ben coñecida e non precisa de mais comentarios a diferente evolución económica seguida por estes dous territorios desde aquela.

A teoría destes autores pode explicarse cunha matriz como a que se amosa abaixo na táboa, en que se combinan as características dos sistemas económico e político ou institucional. Así, o sistema político considérase puramente extractivo cando o poder está concentrado nunha elite e exércese de modo absolutista. No outro extremo, o sistema político inclusivo asimilase á democracia real, en que os cidadáns teñen capacidade de controlar os seus gobernantes. Doutra banda, un sistema económico extractivo puro correspóndese cunha situación de monopolio, estatal ou privado das elites dirixentes, mentres que un sistema inclusi-

vo abre a porta á competencia e á eliminación de barreiras de entrada.

		Sistema político	
		Extractivo	Inclusivo
Sistema económico	Extractivo	0,0	1,0
	Inclusivo	0,1	1,1

*Matriz para a análise do crecemento económico nos países*


A primeira condición para acadar un desenvolvemento económico diferencial parece estar en eventos conxunturais que determinan o nacemento de institucións fortes e centralizadas, que desembocan nun sistema político extractivo, e que permiten o aproveitamento dos recursos humanos e materiais polo poder absoluto dunha elite dirixente, o que se corresponde coa área 0.0 da matriz que propoñemos. Esta combinación non é sostible ao longo prazo; dexenera no plano político pola dinámica de loita polo poder entre os que aspiran a derrocar ao dirixente absoluto, o que afecta ao crecemento económico. Aqueles que substitúen o tirano anterior teñen un forte incentivo para saquear o país antes de correren a mesma sorte. O progreso económico tórnase imposible nestas circunstancias e os intentos de mudar a sistemas políticos máis inclusivos fracasan. A primavera árabe pode ser un exemplo recente.

Mais futuro a curto prazo teñen os réximes extractivos que emprenden

reformas para acadar sistemas económicos máis inclusivos, como pode ser o caso da China ou da España franquista a partir da década dos sesenta do pasado século. A maior liberdade económica fomenta per se un maior uso dos factores produtivos: máis xente traballando e máis xente que traballa máis porque ten expectativas de que o Estado non vai requisar boa parte do aumento da súa produción. Ficámonos na área 0,1 da táboa.

Ora ben, un sistema político non inclusivo que permite un sistema económico máis inclusivo presenta fortes barreiras á innovación, o cal pode poñer en perigo o control político e económico das elites; opóñense á destrución creativa (o termo que empregan Acemoglu e Robinson) e iso supón o estancamento tecnolóxico que estrangula o crecemento. Se nese momento o país é quen de substituír un réxime político extractivo por un réxime democrático inclusivo, o crecemento, lonxe de parar, acelerarase. Esta é a historia de Corea do Sur, pero tamén da España da Constitución de 1978.

		Sistema político	
		Extractivo	Inclusivo
Sistema económico	Extractivo		
	Inclusivo		



*Unha historia de éxito no crecemento económico dun país*